

INFÓRMA **te**

INFANTIL

xuño 2023

**REUNIÓN DA MESA NEGOCIADORA DO CONVENIO
29 DE MAIO DE 2023**



O poder de cambiar as cousas



Na Mesa Negociadora do pasado 29 de maio, evidenciouse ás claras a falta de vontade das organizacións patronais de avanzar na negociación do Convenio Colectivo. A reunión tiña que pivotar sobre a xestión indirecta; pero, para sorpresa das organizacións sindicais, as patronais centraron a súa intervención en cuestións menores sobre as que, ademais, non presentaron propostas concretas. Por un lado, pretenden condicionar as bolsas de gratuidade á súa inclusión nos pregos por parte da Administración; e, por outro, propoñen a modificación da cláusula de desvinculación para axustala ao calendario escolar e ao descenso do alumnado. Ademais, ratificaron a súa retirada da proposta retributiva que presentaran para a xestión indirecta, sen ofrecer alternativa ningunha.

Desde CCOO incidiuse na necesidade de asinar as táboas salariais o máis axiña posible, na liña do que expresáramos en anteriores reunións (sobre o 20% de incremento en tres anos), e seguir negociando o resto do Convenio Colectivo. Tamén propuxemos definir unha parte da xornada como non lectiva para mestras, educadoras e persoal do grupo II, e a redución progresiva da xornada de traballo.

A consecuencia inmediata da súa desidia e ausencia de propostas é o inicio de conversas entre as organizacións sindicais encamiñadas a mobilizar as traballadoras do sector durante este mes, como primeiro paso para contrarrestar ese inmovilismo patronal.

A unidade sindical é absolutamente necesaria para conseguir as reivindicacións formuladas durante a negociación. Para CCOO, a dignificación das condicións laborais e retributivas do sector é absolutamente prioritaria e está por riba de calquera outra consideración. Neste sentido, traballaremos para poñer os recursos e ferramentas do sindicato a disposición de todas aquelas traballadoras que queiran participar das accións reivindicativas que están por vir. Desde CCOO apostamos pola unidade sindical sen ambaxes nin rodeos.



**Sindicalismo
CCOOmprometido
na defensa e mellora
dos dereitos
dos traballadores
e traballadoras**

Santiago de Compostela
Rúa Miguel Ferro Caaveiro, 8 - 1.º
981 551 826
ensino.stgo@galicia.ccoo.es

A Coruña
Avda. Alfonso Molina, km 2, 3.º
981 145 895
scensino.coru@galicia.ccoo.es

Lugo
Rolda da Muralla, 58 - 4.º
982 221 060
scensino.lugo@galicia.ccoo.es

Pontevedra
Rúa Pasantería, 1 - 2.º
986 866 276
scensino.pont@galicia.ccoo.es

Ferrol
Rúa María, 42-44, 3.º
981 369 336
scensino.ferrol@galicia.ccoo.es

Ourense
Parque San Lázaro, 12 - 3.º
988 392 256
scensino.oure@galicia.ccoo.es

Vigo
Rúa das Teixugueiras, 11 Entrechán
986 246 847
scensino.vigo@galicia.ccoo.es

O Barco
Praza do Concello, 2 - 1.º
988 322 034
scensino.oure@galicia.ccoo.es

Monforte
Roberto Baamonde s/n
982 401 518
scensino.lugo@galicia.ccoo.es



Afiliate! É esencial.

www.ccooensino.gal